

Acta da Comisión Permanente Extraordinaria da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 25 de setembro de 2024

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 25/09/2024
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 25/09/2024
- III. Solicitudes de recoñecemento de créditos.

Ábrese a sesión ás 13 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida polo Subdirector de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Relacións Internacionais, Don Francisco Javier Deive Herva, e se trata o único punto na orde do día:

- **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

O Presidente sinala que indica que se achegaron 5 solicitudes de recoñecemento de créditos. A continuación comenta as solicitudes achegadas e a proposta da dirección (Anexo III):

1. Solicitud para o GERME de estudante provinte do Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática da Universidade de Vigo. Se trata dunha solicitude xa informada favorablemente na anterior sesión da comisión. O motivo é que o estudante tiña solicitado acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS, que foi o que se tratou, pero como se matriculou por acceso normal (CIUG), tivo que solicitar de novo os recoñecementos.
2. Solicitud para o GEE de estudante provinte do *Grado en Ingeniería Energética* da *Universidad de Valladolid*. Se trata dun estudante que foi admitido por recoñecemento de 30 ECTS e agora solicita o recoñecemento de dúas materias máis do ámbito con clara correspondencia.
3. Solicitud para o GEE de estudante provinte do GERME. É un caso estándar.
4. Solicitud para o GERME de estudante provinte do GEE. É un caso estándar.
5. Solicitud de recoñecemento dos estudos do Ciclo Formativo de Grao Superior Anatomía Patolóxica e citodiagnóstico e do Ciclo Formativo de Grao Superior Laboratorio clínico e biomédico. Estes ciclos non están incluídos no catálogo da Xunta para o Grao en Enxeñaría da Enerxía e, por outra banda, non pertencen ao ámbito Tecnolóxico, polo que non se contempla o recoñecemento de ningunha das materias cursadas neles.

Apróbase por asentimento a proposta para os 5 casos, emitíndose por tanto informe favorable para os catro primeiros e desfavorable para o último.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e catro.

Vº e Prace
O Presidente

Francisco J. Deive Herva

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 25/09/2024

Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión extraordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 25 de setembro de 2024, ás 13:00 horas, en única convocatoria.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campamento Remoto** (*), e se tratará o seguinte punto na orde do día:

- Aprobación, se procede, de solicitudes de recoñecemento de créditos.

Vigo, 23 de setembro de 2024

O Secretario

Guillermo García Lomba

(* **Indicacións:** acceder á sala do Campamento Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prézase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-2263-f298-533e-8cba-b29c-68f4-0a03-b9ec

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 23/09/2024 11:30 | NOTAS : F





ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 25/09/2024

Asistentes á Comisión Permanente do 25 de setembro de 2024
Presidenta da Comisión
Francisco Javier Deive Herva
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
–
PROFESORADO
Pablo Eguía Oller
Fernando García Bastante
Eduardo Giráldez Pérez
M ^a del Carmen Pérez Pérez
Javier Vijande López
ESTUDANTES
Mateo Salgado Díaz
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez



ANEXO III

Solicitudes de recoñecemento de créditos